

CONCELLO DA LARACHA

SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO O DÍA 23 DE AGOSTO DO ANO 2018

No Salón de Sesiões da Casa Consistorial do Concello da Laracha, sendo as 13 horas e 30 minutos do día 23 de agosto do ano 2018, baixo a Presidencia do sr. Alcalde e coa asistencia dos sres. concelleiros que se relacionan, reúnese o Pleno da Corporación para celebrar, en primeira convocatoria, sesión extraordinaria convocada para este día.

PRESIDENTE

JOSÉ MANUEL LÓPEZ VARELA

CONCELLEIROS

Grupo político municipal P.P.

JOSÉ RAMON MARTÍNEZ BARBEITO

JESÚS SOUTO PENA

RAMIRO BELLO RECOUSO

ALBERTO FUENTES PREGO

PATRICIA M^a. BELLO CANEDO

MARÍA DEL ROCÍO LÓPEZ REY

CRISTINA VIEITES CALVO

ADELINA LISTE MONELOS

ANTONIO FRAGA BOLÓN

ANA BELÉN RODRÍGUEZ VILAS

JOSÉ ALBERTO BLANCO VEIGA

Grupo político municipal B.N.G.

XOAN MANOEL SANDE MUÑIZ

CAROLINA CASTIÑEIRAS BRANDÓN

Grupo político municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE

ELADIO VERDÍA GARCÍA

Grupo político municipal Mixto

ANTONIO ANTELO AÑON

Excusa a súa asistencia: **JUAN CAAMAÑO REGUEIRA**

Asiste como secretaria a da Corporación, Cristina Castro Fuentes, que da fe do acto.

A continuación procédese ao exame dos asuntos comprendidos na **ORDE DO DÍA.**

1º.- DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA DE APROBACIÓN INICIAL DO SUPLEMENTO DE CRÉDITO 2/2028 E CRÉDITO EXTRAORDINARIO 1/2018 FINANCIADOS AMBOS CO REMANENTE DE CRÉDITO

A Secretaria da lectura ao Ditame:

“A Comisión Informativa de Facenda ditaminou favorablemente por por 5 votos do PP e 3 abstencións (PSOE, BNG e Grupo Mixto) a seguinte proposta de alcaldía:

PROPUESTA AL PLENO

Considerando la existencia de gastos que no pueden demorarse hasta el ejercicio siguiente, para los que no existe crédito o el crédito existente en la aplicación presupuestaria resulta insuficiente en el vigente Presupuesto de la Corporación, y dado que se dispone de remanente líquido de Tesorería según los estados financieros y contables resultantes de la liquidación del ejercicio anterior.

Considerando que con fecha 14.08.2018 se emitieron memorias de alcaldía

Considerando que con fecha 14.08.2018 se emitió Informe de Evaluación del Cumplimiento de Evaluación del Objetivo de Estabilidad Presupuestaria y con fecha 14.08.2018 por Intervención se informó la propuesta de Alcaldía.

Se propone al Pleno la adopción del siguiente

ACUERDO

PRIMERO. *Aprobar inicialmente el expediente de modificación de créditos n.º1/2018 en la modalidad de Crédito Extraordinario y el expediente de modificación de créditos 2./2018 en la modalidad de Suplemento de Crédito, financiado con cargo al remanente líquido de Tesorería resultante de la liquidación del ejercicio anterior, de acuerdo con el siguiente resumen por capítulos:*

Estado de gastos Altas en aplicaciones de gastos

SUPLEMENTO DE CRÉDITO 2/2018

OBRA		IMPORTE
ACOMETIDA ELECTRICA EDIFICIO VIVEIRO	433/68200	3.578'56
ADAPTACIÓN ACERAS EN E.VILA FANOCACIÓN	1531/61900	18.916'16
RENOVACIÓN EN FAROLAS PRAZA CONCELLO	1531/61900	15.481'95
URBANIZACIÓN NA INSUA	1531/61900	258.185'92
CANALIZACIONES EN PARQUE EMPRESARIAL	161/61900	43.500'00
URBANIZACIÓN PARCELA SAUZ Z-12	1531/61900	28.982,04
SUMINISTRO SEÑALIZACIÓN EN VIVIENDAS	1531/62500	16.900'00

EN PARROQUIAS		
NOVO VIVEIRO 395.000 - 240.000	433/68200	155 .000'00
MOBILIARIO, MOBILIARIO URBANO, ILUMINACIÓN Y SEÑALIZACIÓN VIARIA	1531/62500	14.881.65
TOTAL		555.426,28

CRÉDITO EXTRAORDINARIO 1/2018

PAVIMENTACIÓN EN COLEXIOS	320/61900	34.209,23
ABASTECIMIENTO A GRAVIDO	161/61900	4.440'41
SANEAMIENTO A PEDRA	1622/61900	6.466'13
TRABALLOS EN ZONAS TRANSITO COLEXIOS	1532/61909	5.559'95
EQUIPOS INFORMÁTICOS	334/64100	11.700'00
CONEXIONES EN PISCINA MUNICIPAL	342/61900	11.500'00
TOTAL		73.875,72

Siendo las Inversiones financieramente sostenibles todas

Esta modificación se financia con cargo al remanente líquido de Tesorería, en los siguientes términos:

Estado de ingresos

Aplicación: económica	Descripción	Euros
870.00	Remanente Líquido de Tesorería	629.302
	TOTAL INGRESOS	

Además, queda acreditado el cumplimiento de los requisitos que establece el artículo 37.2, apartados a) y b), del Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, por el que se desarrolla el Capítulo I del Título VI de la Ley 39/1988, de 28 de diciembre, Reguladora de las Haciendas Locales, en materia de presupuestos, que son los siguientes:

a) El carácter específico y determinado del gasto a realizar y la imposibilidad de demorarlo a ejercicios posteriores.

b) La inexistencia en el estado de gastos del Presupuesto de crédito destinado a esa finalidad específica, que deberá verificarse en el nivel en que esté establecida la vinculación jurídica.

SEGUNDO. Exponer este expediente al público mediante anuncio inserto en el Boletín Oficial de la Provincia, por quince días, durante los cuales los interesados pondrán examinarlo y presentar reclamaciones ante el Pleno. El expediente se considerará definitivamente aprobado si durante el citado plazo no se hubiesen presentado reclamaciones; en caso contrario, el Pleno dispondrá de un plazo de un mes para resolverlas».

En A Laracha a 14.08.2018”

Rematada a lectura intervén o concelleiro portavoz do Grupo Mixto para indicar que vaise abster porque

está conforme con algunhas obras pero non con outras.

Intervén o concelleiro portavoz do PSOE e di que él votará igualmente abstención.

Intervén o concelleiro portavoz nacionalista e indica que o seu grupo vai votar a favor.

O alcalde explica de forma detallada as obras que vanse financiar co Remanente Líquido de Tesourería e por qué se priorizaron algunhas actuacións sobre outras.

O alcalde somete a votación o ditame da Comisión Informativa resultando aprobado por 14 votos a favor (12 PP + 2 BNG) e 2 abstencións (1 POE e 1 Grupo Mixto)

- DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA DE APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA BASE 20 DAS DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO 2018

A secretaria da lectura ao ditame:

“A Comisión Informativa de Facenda ditaminou favorablemente 5 votos do PP e 3 abstencións (PSOE, BNG e Grupo Mixto) a seguinte proposta:

PROPOSTA

Esta alcaldía propón ao Pleno do Concello a modificación da Base de Execución número 20ª das aprobadas xunto co Orzamento Xeral para o ano 2018, no relativo ás subvencións consignadas no Estado de Gastos do mesmo, nos seguintes aspectos:

Dada a demanda e o interese cultural das Festas de Laracha e as numerosas actuacións que están a levar a cabo os membros de Protección civil

Esta alcaldía propón ao pleno a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMIERO.- *Aumentar en 14.000€ a subvención nominativa a favor da Comisión de Festas de Torás para o financiamento dos gastos derivados da organización dos festexos populares ca finalidade de fomentar a cultura a través da participación quedando un total de 22.000€ para esta finalidade*

SEGUNDO.- *Aumentar en 20.000€ a subvención nominativa a favor de Protección civil para o financiamento das actividades que realizan quedando un total de 30.000€ de subvención para esta finalidade.*

SEGUNDO.- *Expor ao público esta modificación por prazo de 15 días hábiles para a presentación de posibles reclamacións, entendéndose aprobado definitivamente o acordo para o caso de non presentarse reclamación alguna”*

Pregunta o concelleiro do Grupo Mixto a xustificación da subida en 14.000€ da subvención á Comisión de Festas.

O concelleiro nacionalista considera que debería dárselle unha volta a xestionar as festas ou ben polo concello ou se son parroquiais, tratar de axudarlles a todas as parroquias por igual.

Intervén o alcalde e di que lle quere dar as grazas a todas as comisións de festas, sexan asociacións ou grupos de voluntarios. Di que se colabora con todas e se lles axuda a todas. Di que son unas festas moi ben valoradas pero que no casco urbán hai dificultades para o seu financiamento.

O concelleiro do grupo mixto Antonio Antelo volver a intervir e di que está totalmente dacordo coa subida da subvención a Protección Civil.

O alcalde somete a votación o ditame, resultando aprobado por 13 votos a favor (12 PP+ 1 Grupo Mixto) e 3 abstencións (2BNG+1PSOE)

- DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA RELATIVO Á APROBACIÓN INICIAL DA TRANSFERENCIA DE CRÉDITO 7/2018

A Secretaria da lectura ao ditame:

“A Comisión Informativa de Facenda ditaminou favorablemente por 5 votos do PP e 3 abstencións (PSOE, BNG e Grupo Mixto) a seguinte proposta de alcaldía:

PROPOSTA AO PLENO

En relación co expediente relativo á transferencia de créditos entre aplicacións de gastos de distinta área de gasto que non afectan a baixas e altas de créditos de persoal, en cumprimento da providencia da Alcaldía do día 14.08.2018 emito a seguinte proposta ao Pleno Municipal, de acordo co establecido no artigo 175 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, con base nos seguintes:

ANTECEDENTES DO FEITO

PRIMEIRO. *Ante a existencia de gastos que non se poden demorar ata o seguinte exercicio, para os que o crédito consignado no vixente orzamento da corporación é insuficiente e non ampliable, e xa que cabe efectuar transferencias de créditos doutras aplicacións do orzamento vixente non comprometidas pertencentes a aplicacións de gastos de distinta área de gasto que non afectan a baixas e altas de créditos de persoal.*

SEGUNDO. *Visto o informe de Intervención sobre a lexislación aplicable e o procedemento que se debía seguir e a memoria da Alcaldía de datas 14.08.2018.*

LEXISLACIÓN APLICABLE

— Os artigos 179 e 180 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

— Os artigos 40 a 42 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, en materia de orzamentos.

— Os artigos 22.2.e) e 113 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

— A Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura de orzamentos das entidades locais.

— A Resolución do 14 de setembro de 2009, da Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Comunidades Autónomas e coas Entidades Locais, pola que se ditan medidas para o desenvolvemento da Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais.

Visto o que antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable e, por iso, de acordo co disposto no artigo 175 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, o que subscribe traslada o seguinte

PROPOSTA AO PLENO

PRIMEIRO. *Que se aprabe o expediente de modificación de créditos **núm. 7/2018**, na modalidade de transferencia de créditos entre aplicacións de distinto área de gasto, de acordo co seguinte detalle:*

Altas en aplicacións de gastos

Aplicación orzamentaria		Descrición	Euros
338	48900	Subvención comisións de festas	14.000
		TOTAL GASTOS	14.000 €

Baixa en aplicacións de gastos

Aplicación orzamentaria		Descrición	Euros
130	12100	Complemento salario policías	14.000
		TOTAL GASTOS	14.000

SEGUNDO. Que se expoña este expediente ao público mediante un anuncio inserido no taboleiro de edictos do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, por un prazo de quince días, durante os cales os interesados¹ poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante ese prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Non obstante, a corporación acordará o que considere pertinente.

En A Laracha a 14 de agosto de 2018”

Explica o alcalde, unha vez rematada a lectura do ditame que a subida da subvención sae do crédito asignado no orzamento ao salario do policías locais por haber dúas prazas vacantes.

Sométese a votación o ditame resultando aprobado por 13 votos a favor (12 PP+ 1 Grupo Mixto) e 3 abstencións (2BNG+ 1 PSOE)

Non habendo mais asuntos que tratar dase por rematada a sesión sendo as 14:10h

¹ Para estes efectos, e de acordo co artigo 170.1 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, terán a consideración de interesados:

- Os habitantes no territorio da respectiva entidade local.
- Os que resulten directamente afectados, aínda que non habiten no territorio da entidade local.
- Os colexios oficiais, cámaras oficiais, sindicatos, asociacións e demais entidades legalmente constituídas para velar por intereses profesionais ou económicos e veciñais, cando actúen en defensa dos que lles son propios.

O mesmo artigo 170, no segundo parágrafo, determina que unicamente poderán interpoñerse reclamacións contra o orzamento polas seguintes causas:

- Por non se axustar a súa elaboración e aprobación aos trámites establecidos nesta lei.
- Por omitir o crédito necesario para o cumprimento das obrigas esixibles á entidade local, en virtude de precepto legal ou calquera outro título lexítimo.
- Por ser de manifesta insuficiencia os ingresos con relación aos gastos orzados ou ben destes respecto ás necesidades.